



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com

INFORMA

marzo 2009

As/os traballadoras/es do consorcio, en asemblea, acordan iniciar mobilizacións en demanda da continuación das probas selectivas e polo mantemento do carácter público do Consorcio

A asemblea de traballadoras e traballadores do Consorcio de Igualdade e Benestar, convocada pola CIG, hoxe sábado 28 de marzo, no IES Rosalía Castro, á que asistiron preto de 400 persoas; despois de rexeitar a situación actual de que se retrase a realización das probas e denunciar a actitude obstrucionista e boicoteadora por parte do PP, que vén de amosar unha total desconsideración co persoal do Consorcio, usándoo como carne de canón para intereses políticos espurios, acordaron levar a cabo unha serie de mobilizacións, co obxecto de que se convoquen inmediatamente as probas, tal e como estaba previsto, e para apostar polo mantemento do carácter público do Consorcio.

Sería preocupante que o Consorcio retrasase as datas da realización dos exames para despois da constitución do novo goberno, o que suporía asumir na práctica a extorsión antidemocrática e o acoso do partido popular, cuestión totalmente rexeitábel para nós e que amosa falta de valentía para continuar para diante.



Estas mobilizacións, entre outras, son:

- **O vindeiro luns día 30** unha **concentración** de delegados e delegadas da CIG no Consorcio, ás 11:15 horas diante da súa sede (rúa Amor Ruibal nº 30-32, Santiago de Compostela).
- Iniciar un peche de traballadora e traballadores, na sede do Consorcio, a partir das 11:15 horas do martes día 31 de marzo.
- Realizar **mobilizacións nas galescolas** en que as alcaldías do PP néganse a designar os membros dos tribunais: Crecente, Ortigueira e Taboada, ou deixaron sen efectos estes nomeamentos: Pereiro de Aguiar, Portas, Xinzo, Pantón e Ponteceso.
- **Recadar apoios dos usuarios** dos servizos do Consorcio en prol do mantemento destes servizos, do seu carácter público e da consolidación no posto de traballo dos traballadores.

Participade no peche e facede manifestos de apoio dende os vosos centros de traballo
Para apuntarse nas quendas do peche (normalmente de 11 a 23 e de 23 a 11) chamade ao teléfono 981576800.

